



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, A TRAVÉS DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E DEPORTES E A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, PARA A ORGANIZACIÓN DO CONGRESO NACIONAL DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

ANTECEDENTES

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten as competencias en materia de formación permanente do profesorado, polo que ten interese en organizar no ano 2025 o Congreso Nacional de Formación Permanente do Profesorado.

RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

É vontade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asinar este convenio para a organización do Congreso Nacional de Formación Permanente do Profesorado, co obxecto de impulsar accións encamiñadas ao desenvolvemento dun marco teórico do Modelo de Competencias Profesionais Docentes, para a súa aplicación ao deseño da formación, así como para actualizar coñecementos sobre as últimas tendencias na formación do profesorado.

OBXECTIVOS PERSEGUIDOS

O obxectivo que se pretende con este convenio é financiar, xunto co Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, os gastos derivados da realización do Congreso Nacional de Formación Permanente do Profesorado que terá lugar en Santiago de Compostela no mes de maio de 2025.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

